

MANIFESTO DO DÍA DE EUROPA

Reunímonos hoxe, aquí, os representantes dos veciños de Lugo para festexar o Día de Europa.

Tal día como hoxe, o 9 de maio de 1950, un dos pais do que hoxe coñecemos como Unión Europea, Robert Schuman, presentou a súa proposta para a creación dunha Europa organizada.

A idea naceu ó considerar que a Unión de todas as nacións da vella Europa era o mellor xeito para conseguir que todos os países se comprometeran a manter unhas relacións pacíficas, despois do trauma que significou a Segunda Guerra Mundial.

A chamada declaración Schuman está considerada desde entón o xérmolo do nacemento da Unión Europea.

Ese compromiso de superar as fronteiras que nos separaban, como o facían os distintos idiomas ou as distintas moedas, foi un proxecto feliz, no que aínda temos que avanzar e iso é responsabilidade de todos.

Porque a construción dunha Europa unida e solidaria é xa un feito sen

marcha atrás pero aínda non chegou ó seu fin, como sucede con todos os proxectos vivos.

Este ano, o Día de Europa celébrase baixo o lema “Coñece os teus dereitos e exérceos”.

Desde o Concello de Lugo sumámonos, como cada ano, a esta conmemoración e consideramos que o lema deste ano non pode ser máis atinado. Porque unha sociedade só é verdadeiramente libre e poderá ser xusta e desenvolvida se os cidadáns que a compoñen son conscientes de cales son os seus dereitos e están dispostos a defendelos.

O Concello e os veciños de Lugo sabemos que a liberdade e a xustiza social son dous dos principios dunha sociedade verdadeiramente democrática.

E tamén sabemos que a Unión das nacións da vella Europa contribuíu e contribúe a afianzar os dereitos civís nos nosos pobos.

O pasado, o presente e o futuro de Lugo pasan pola pertenza a Europa. Compartimos un pasado espléndido con moitos lugares de Europa, a Unión Europea ten feito moitas achegas a

proxectos importantes que temos en marcha na cidade, en áreas como a formación, o emprego, ou a conservación do noso patrimonio, e hoxe os cidadáns e o Concello de Lugo queremos reiterar o noso desexo e o nosa vontade de seguir construindo xunto cos outros pobos de Europa o noso futuro.